



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Personál

*Nomeamento de persoal laboral fixo (profesor/a conservatorio, especialidade percusión). Estabilización do emprego temporal (OEP-E 2022)*

##### ANUNCIO

**Expediente núm. 2022/E001/000035**

Nesta entidade local tramitouse, co número de procedemento indicado, o expediente do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de profesor/a de conservatorio, especialidade percusión, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez de 2022 (OEP-E 2022) para a estabilización de emprego temporal, segundo a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Mediante o Decreto núm. 2675/2023, do 5 de decembro (expediente 2023/G003/002756), ditado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, procedeuse ao nomeamento dos aspirantes seleccionados. A parte dispositiva da dita resolución (ocúltase parcialmente o DNI), sinala:

**“1. Nomear a Ignacio Sanz Santás, titular do DNI \*\*\*9418\*\*, persoal laboral fixo do Concello das Pontes de García Rodríguez, coa categoría de profesor/a de conservatorio, especialidade de percusión (grupo profesional asimilado ao subgrupo A1), con contrato de traballo a tempo completo.**

Os aspirantes nomeados deberán formalizar os respectivos contratos de traballo no prazo máximo dun mes a contar desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP).

**2. Publicar** o anuncio do presente nomeamento no BOP, na sede electrónica do concello e na páxina web da entidade local.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación no BOP do presente nomeamento, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-Administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida ao demandante polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez, 5 de decembro de 2023

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román